

PROXECTO CIDADES AMIGAS

Bos días a todas e todos,

Desde o Concello de Ribadavia, levamos un ano traballando no recoñecemento do noso municipio dentro do marco dos proxectos de **Cidades Amigas da Infancia que avala UNICEF**.

Na seguinte ligazón, podedes ver, tanto as presentacións xerais de Cidades Amigas da Infancia:

[ciudades amigas](#)

[Convocatoria ciudadesamigas](#)

Temos diferentes obxectivos a cumprir, entre outros, a elaboración dun diagnóstico sobre a situación da mocidade (infancia e adolescencia). Grazas aos resultados do diagnóstico, queremos elaborar e por en marcha un Plan Municipal da Infancia e a adolescencia en Ribadavia.

Este proxecto pretende ofrecer ao noso municipio un lugar de atención e expresión para a mocidade coa creación dunha "Mesa Interdepartamental da Infancia" dentro do Concello de Ribadavia e dun "Consello Municipal da Infancia e a Adolescencia".

Agora mesmo, estamos a traballar na elaboración dun diagnóstico sobre a situación da infancia e da adolescencia. Necesitamos a vosa colaboración, para poder recopilar o máximo de datos posibles e así facer un bo tratamento dos datos e acadar así, o mellor resultado posible. Para todo isto, creamos unha enquisa con diferentes puntos, que abarcan todos os aspectos que pertencen a vida cotiá da infancia e adolescencia Ribadaviense.

Desde o Concello de Ribadavia, agradeceríámosvos a realización desta enquisa coas vosas fillas e os vosos fillos:

Enquisa destinada a Infancia e adolescencia:

<https://docs.google.com/forms/>

* No caso de ser moi complicada a enquisa que enviamos (por non estar a vosa ou voso fillo/a en idade de contestar ao formulario), fixemos unha enquisa, que as nais ou pais

podedes contestar, tendo en conta na medida do posible, a opinión das e dos menores:

Enquisa destinada a nais/pais

<https://docs.google.com/forms/>

Grazas de antemán pola vosa colaboración.

Un cordial saúdo.

[Información adicional do Departamento do centro co cal reunímonos](#)